


IES Rafael Dieste

INFORMACIÓN Ó ALUMNADO DE 2º E.S.O. CURSO 2018-19

Departamento de  ORIENTACIÓN

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA E.S.O.	
PROMOCIONARASE DE CURSO	<ul style="list-style-type: none">- Cando se <u>superen todas as materias</u>. (Recordade que as materias pendentes contan como tales aínda que teñan a mesma denominación).- Cando despois da realización das probas de setembro <u>se teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, salvo que sexan simultaneamente:</u><ul style="list-style-type: none">- L. Castelá e Matemáticas, ou- L. Galega e Matemáticas.
REPETIRASE CURSO	<ul style="list-style-type: none">- Cando despois da avaliación de setembro se suspendan TRES ou máis materias, ou DÚAS delas sexan L.Castelá e Matemáticas, ou L.Galega e Matemáticas
EXCEPCIONALMENTE	<ul style="list-style-type: none">- A Xunta de Avaliación pode autorizar a promoción con tres materias suspensas, sempre que dúas delas non sexan simultaneamente L.Castelá e Matemáticas ou L.Galega e Matemáticas.- Pode tamén autorizar a promoción excepcional con dúas materias suspensas, sendo estas L.Castelá e Matemáticas ou L.Galega e Matemáticas, cando o equipo docente considere que poderá seguir con éxito o curso seguinte, ter expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a evolución educativa.

ESQUEMA XERAL DO SISTEMA EDUCATIVO



P.M.A.R. (Programa de Mellora de Aprendizaxe e Reforzó)

Poderá existir en 2º e 3º de ESO, para o **alumnado que propoña a Xunta de Avaliación**. Parte das materias cursaranse agrupadas en Ámbitos. Ao remate do Programa recoméndase seguir un 4º de ESO de Ensinanzas Aplicadas.

F.P. BÁSICA:

A F.P. Básica pode cursarse a partir de 2º de ESO, tendo 15 anos cumpridos no inicio do curso (é dicir, para o vindeiro curso 18-19, cumprilos antes do 31-12-2018).

Ofértanse diferentes especialidades. A súa duración é de dous cursos e posteriormente pódese acceder directamente a un Ciclo de Grao Medio de F.P.

Poderedes obter tamén o GRADUADO en ESO.

MATERIAS DE 3º DE ESO

- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
- FÍSICA E QUÍMICA
- XEOGRAFÍA E HISTORIA
- L. CASTELÁ E LITERATURA
- L. GALEGA E LITERATURA
- INGLÉS
- TECNOLOXÍAS
- EDUCACIÓN PLÁSTICA
- EDUCACIÓN FÍSICA
- MÚSICA

- TITORÍA

E deberás escoller entre:

- MATEMÁT. ACADÉMICAS ou - MATEMÁT. APLICADAS
- FRANCÉS ou - CULTURA CLÁSICA
- RELIXIÓN ou - VALORES ÉTICOS

Matemáticas Académicas / Matemáticas Aplicadas

As **Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas** están pensadas para aqueles alumnos que desexen seguir estudos de Bacharelato.

As **Matemáticas orientadas as Ensinanzas Aplicadas** parten dun enfoque mais práctico, dirixido a proporcionar recursos e competencias que permitan continuar estudos de Formación Profesional. Aconséllase que o alumnado que escolla esta materia, siga logo en 4º de ESO o itinerario de Ensinanzas Aplicadas.

Segunda L. Estranx. (Francés) ou Cultura Clásica

O estudo do **Francés** como segunda lingua estranxeira ofértase e ten continuidade dende 1º de E.S.O. ata 2º de Bacharelato. Nesta materia continuaríase e profundizaríase o estudo desta lingua.

A **Cultura Clásica** é unha materia na que se estudan as antigas civilizacións de Grecia e Roma: mitoloxía, ocio e espectáculos (teatro, xogos olímpicos...etc.) , vida cotiá (familia, escola, etc.), xeografía e historia e linguas (orixe do alfabeto grego e do abecedario romano).

A Cultura Clásica, se a escolledes en 3º de ESO, non se pode escoller logo en 4º.

Relixión ou Valores Éticos

Ofértarase **Relixión Católica e Relixión Evanxélica**.

Os alumnos que non escollan ningunha destas materias deberán cursar **Valores Éticos**. Nesta asignatura abórdanse diferentes bloques temáticos: a comprensión, o respecto e a igualdade, a reflexión ética, a xustiza, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos etc.